

O artigo 27 do Regulamento do Parlamento na súa redacción dada polo acordo da Mesa do 3 de agosto de 2015 di:

<<1. O Parlamento poñerá á disposición dos grupos parlamentarios locais e medios materiais suficientes e asignaralles, con cargo ao seu orzamento, unha subvención fixa idéntica para todos e outra variable en función do número de deputados de cada un deles. As contías fixaraas a Mesa da Cámara dentro dos límites da correspondente consignación orzamentaria.

2. Os grupos parlamentarios levarán unha contabilidade específica da subvención a que se refire a alínea anterior, que poñerán á disposición da Mesa do Parlamento de Galicia sempre que esta o pida. Anualmente, esta información publicárase no Portal de transparencia do Parlamento de Galicia.>>

A Mesa do Parlamento de Galicia, na súa reunión do 18 de xuño de 2024, acordou fixar con efectos do 18 de marzo de 2024 os seguintes importes para as subvencións aos grupos parlamentarios da XII lexislatura:

- Subvención fixa para cada grupo parlamentario: 12.500,00 €/mes.
- Subvención variable (segundo o número de membros do grupo): 2.200,00 €/mes
- Subvención finalista: 8.300,00 €/mes e 100 €/mes por deputado que conforme o grupo.

Asemade fixéronse os importes das subvencións ao Grupo Mixto, a razón de 1/5 da subvención fixa e da base da finalista, ademais da correspondente subvención variable.

A subvención finalista dedícase a afrontar os custes salariais e de seguridade social derivados da contratación de persoal en cada grupo parlamentario cuxa suma terá como límite o importe da achega. O seu pagamento está condicionado á acreditación desas contratacións.

**Subvencións aos Grupos Parlamentarios do 18/03/2024 ata o 31/12/2024 ( XII LEXISLATURA)**

GRUPO	Número de deputados	Subvención fixa 12.500,00 €/mes e 2.500,00 €/mes para o grupo mixto (1/5 de 12.500,00)	Subvención variable 2.200,00 €/mes e deputado	Subvención finalista 8.300,00 €/mes e 100,00 €/mes por deputado 1.660,00 €/mes para o grupo mixto (1/5 de 8.300,00)	Subvención total
G.P. Popular de Galicia	40	118.145,16	831.741,94	116.254,84	1.066.141,94
G.P. Bloque Nacionalista Galego	25	118.145,16	519.838,71	102.077,42	740.061,29
G.P. Socialistas de Galicia	9	118.145,16	187.141,94	86.954,84	392.241,94
G.P. Mixto	1	23.629,03	20.793,55	15.689,68	60.112,26